



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe da Ribeira
Polígono de Torneiros, Fase III, s/n
36410 – O Porriño
☎ 886110414
✉ ceip.ribeira.porrino@edu.xunta.es



galicia

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CEIP PLURILINGÜE DA RIBEIRA

6ºB EDUCACIÓN PRIMARIA

LAURA COSTAS CODÓN

MAIO 2020

ÍNDICE

- 1. Introducción**

- 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
 - 2.1 Lengua Castellana**
 - 2.2 Lingua Galega**
 - 2.3 Matemáticas**
 - 2.4 Ciencias Naturais**
 - 2.5 Ciencias Sociais**
 - 2.6 Educación Artística – Plástica**
 - 2.7. Valores Sociais e Cívicos**

- 3. Avaliación e cualificación.**

- 4. Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) e materiais e recursos.**

- 5. Metodoloxía**

- 6. Información en publicidade**

1. **Introdución:**

Ante a situación extraordinaria creada pola alerta sanitaria debida ao COVID-19, realizamos a modificación da PD atendendo ao disposto en:

- Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática),
- Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de Educación e Formación Profesional),
- Instrucións de 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de la Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Xunta de Galicia).

Os cambios sobre a PD inicial aquí recollidos están orientados a un proceso de ensinanza non presencial, activo, equitativo e motivador para todo o alumnado, tendo en conta a realidade social específica deste centro educativo (capacidade familiar de apoio ao alumnado, equipos informáticos, conexión a internet, coñecementos informáticos...).

O traballo a desenvolver polo alumnado (de carácter voluntario e coa posibilidade de valoración unicamente positiva) será a realización de actividades de reforzo, recuperación e ampliación dos contidos tratados na aula ata a interrupción das clases presenciais.

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles das materias.

2.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (LINGUA CASTELÁ)		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación	Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.	CCL, CAA
	Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros	CCL, CAA, CSC
	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación....	CCL, CAA, CSC
Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos	Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.	CCL, CCA
Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos.	Reproduce comprensiblemente textos orais	CCL
Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	Le en voz alta, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	CCL
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos	CCL, CAA
Resumir un texto lido destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	Elabora resumos de textos lidos	CCL, CAA
	Elabora esquemas a partir de textos expositivos.	CCL
Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	Utiliza os medios informáticos para obter información	CCL, CD, CAA
Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas cuidando a caligrafía, orde e presentación.	Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social aplicando correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.	CCL, CD, CAA
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario e as regras de ortografía.	Identifica as categorías gramaticais e aplica correctamente as normas de acentuación e puntuación	CCL
	Conxuga e usa os verbos.	CCL
Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.	CCL, CD, CAA
Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer considerandoa un medio de aprendizaxe	Recoñece e valora as características fundamentais dos textos literarios	CCL, CCEC
Producir a partir de modelos dados textos literarios	Crea textos literarios a partir de pautas ou modelos.	CCL, CAA, CSIEE, CCEC

2.2 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (LINGUA GALEGA)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
Comprender textos orais diversos interpretando as intencións explícitas	Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, identificando o tema e elaborando un resumo	CCL, CAA
Producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico	Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas.	CCL, CSIEE, CAA
Participar nas situacións de intercambio oral da aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción.	Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	CCL, CSC, CCEC
	Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.	CCL, CSC, CCEC
Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.	Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral.	CCL, CCEC
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados.	Comprende a información relevante de textos escritos diferenciando as ideas principais e secundarias para esquematizar e resumir.	CCL, CAA
Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía	Le textos en voz alta con ritmo, velocidade, fluidez e ton da voz adecuados.	CCL
Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos.	Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas feita	CCL, CSC, CAA, CSIEE
Producir textos de diferente tipoloxía.	Elabora, en diferentes soportes, textos propios coherentes e cohesivos.	CCL, CAA, CD
Elaborar textos breves con creatividade.	Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares.	CCL, CSC, CCEC, CAA, CSIEE
Usar as TIC na procura de información e tratamento da mesma e na realización de presentacións.	Utiliza as TIC para localizar, seleccionar e organizar a información nun texto	CCL, CD, CAA, CSIEE
	Emprega procesadores de textos e dicionarios dixitais	CCL, CD, CAA, CSIEE
Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte	CCL, CD, CAA
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica.	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua e conxuga e usa con corrección as formas verbais.	CCL, CAA
Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular	Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e as normas ortográficas.	CCL, CSC, CCEC
Utilizar correctamente as regras de puntuación e os conectores	Emprega con correccións os signos de puntuación e usa axeitadamente diversos conectores	CCL, CAA

Coñecer as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	CCL, CSC, CCEC
Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le obras e textos en galego da literatura infantil, , adaptadas á idade e en diferentes soportes.	CCL, CCEC, CD
Analizar as características dos diferentes xéneros literarios	Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios.	CCL, CCEC
Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.	Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados.	CCL, CSC, CCEC
Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	CCL, CSC, CEC

2.3 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (MATEMÁTICAS)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.	CMCT, CAA
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.	CMCT, CAA
Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares	CMCT, CAA, CSIEE
	Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos.	CMCT, CD, CAA, CSIEE
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números.	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición das cifras.	CMCT, CAA, CCL
Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.	Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.	CMCT
	Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.	CMCT
Utilizar os números para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá e operar con estes tendo en conta a xerarquía nas operacións e aplicando as propiedades destas.	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. Realiza operacións con números decimais e calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.	CMCT
Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para resolver problemas en contextos da vida cotiá	Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa para resolver problemas da vida diaria.	CMCT, CAA
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números	CMCT, CAA
	Calcula o mcm e o mcd.	CMCT
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos e reflexionando sobre o proceso para a resolución de problemas.	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.	CMCT, CAA, CCL CSIEE
	Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, comprobando e interpretando as solucións	CMCT, CAA, CCL CSIEE
Operar con diferentes medidas	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	CMCT
	Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude	CMCT

2.4 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (CIENCIAS NATURAIS)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes e comunicando os resultados en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes, e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.	CCL, CSIEE, CAA, CD, CMCCT
	Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos.	CCL, CMCCT
Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais	Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA, CSC, CMCCT, CSIEE
Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias e investigacións.	CCL, CMCCT, CSC, CD, CAA, CSIEE
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer relacións entre elas e determinados hábitos de saúde	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	CMCCT
Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas, a súa localización, forma, estrutura, funcións.	Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	CMCCT, CCL
Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde	Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado do corpo, explica os principios das dietas equilibradas e as prácticas saudables e recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	CMCCT, CCL, CAA, CSC
Coñecer a estrutura dos seres vivos identificando as principais características e funcións.	Identifica e describe a estrutura dos seres vivos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	CCL, CMCCT
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos.	Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.	CMCT, CCL
Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.	CMCT, CCL
	Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.	CMCT, CCL
	Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies.	CMCT, CSC
Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.	Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.	CMCCT, CSC, CCL
Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.	Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	CMCCT, CCL, CSC, CCEC

2.5 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (CIENCIAS SOCIAIS)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
Utilizar as TIC para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	Utiliza as TIC para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	CD, CAA, CCL, CMCCT, CSC
	Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	CD, CAA, CCL, CMCCT, CSC
Realizar traballos e presentacións individuais e grupais que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar de forma individual e en equipo	Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	CAA, CD, CSIEE, CSC CCL, CMCCT
Respecta a variedade dos grupos humanos e valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os DDHH	Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os DDHH.	CSC, CAA
Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.	Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.	CSC, CAA
Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.	Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade e espírito emprendedor.	CSIEE, CSC, CAA
	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA, CSIEE
Desenvolver actitudes en cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.	Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.	CSC, CAA, CSIEE
	Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.	CSC, CAA, CSIEE
Describir correctamente planos e mapas interpretando signos convencionais.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	CMCCT, CAA
Identificar os elementos que inflúen no clima, adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.	Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan	CMCCT, CCL,
Explicar que é unha paisaxe, identificar os elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España valorando a súa diversidade.	CMCCT, CCL, CSC
Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible e os seus efectos positivos.	Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do planeta.	CSC, CMCCT, CAA, CCL
Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.	Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.	CSC, CMCCT, CAA
Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando	Identifica as principais institucións da Unión Europea, recoñecendo os seus	CSC, CCEC

algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea	símbolos e explicando en que consiste a zona euro.	CCL
Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.	Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	CMCCT, CSC CAA
Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica.	Describe as principais características da poboación española e europea.	CSC, CCL
Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España e a emigración a Europa, a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.	CSC, CCEC, CCL
	Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.	CSC, CCEC
Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	CSC, CCEC, CAA

2.6 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (ED.ARTÍSTICA - PLÁSTICA)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas utilizando a percepción visual para interpretar imaxes reflexionando sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	CCL, CCEC, CAA, CSC
	Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas e aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.	CCEC, CCL, CMCCT
Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos e elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía	CCEC, CCL
	Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.	CCEC, CAA
Utilizar as TIC de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes	Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño...) que lle serven para a ilustración de textos.	CD, CSC
Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	Fai composicións que transmiten emocións básicas coa axuda de diversos recursos para cada caso.	CCEC, CAA, CCL
	Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.	CCEC, CAA, CCL
Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles.	CSC, CCEC
	Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás,.	CSC, CCEC
Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	CSC, CCEC
	Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	CSC, CCEC
	Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.	CSC, CCEC, CAA

2.7 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (VALORES SOCIAIS E CÍVICOS)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal	Actúa de forma respectable e digna e coñece e asume os rasgos característicos da súa personalidade, poñéndoo de manifesto asertivamente.	CSC, CSIEE, CAA, CCL
Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.	CSC, CSIEE
	Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	CSC, CSIEE, CCL
Desenvolver o propio potencial, mantendo a motivación e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.	CSC, CSIEE
Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.	CAA, CSIEE, CSC, CCL
Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.	Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.	CCL, CSC, CCEC
Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración cunha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista.	CSC, CSIEE
Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	CAA, CSIEE, CSC
	Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.	CAA, CSIEE, CSC
Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	Respecta as normas do centro escolar.	CSC
Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.	Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...	CSC, CSIEE
	Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade.	CSC, CSIEE
Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.	CSC, CSIEE
Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.	CD, CSC

3. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Observación sistemática [Asambleas, debates, probas orais, exposición de traballos, presentacións...] ○ Análise do traballo diario do alumnado ○ Probas escritas ○ Autoavaliación ○ Coavaliación 										
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Listas de control ○ Escalas de observación ○ Diario de aula ○ Caderno ○ Actividades do libro dixital ○ Actividades online ○ Actividades de síntese, investigación e redacción ○ Probas obxectivas de discriminación, identificación, e recoñecemento ○ Dianas de autoavaliación ○ Cuestionarios de coavaliación 										
Cualificación final	<table border="1" style="margin-left: auto; margin-right: auto;"> <thead> <tr> <th colspan="2" style="background-color: #cccccc;">PORCENTAXE NA NOTA FINAL</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td style="text-align: center;">1.^a avaliación</td> <td style="text-align: center;">40%</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">2.^a avaliación</td> <td style="text-align: center;">50%</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">3.^a avaliación</td> <td style="text-align: center;">10%*</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">Cualificación total</td> <td></td> </tr> </tbody> </table> <p>*Esta porcentaxe só será tida en conta positivamente. Valorarase especialmente a situación sociofamiliar polo equipo docente, para evitar a exclusión social dadas as características particulares do noso centro.</p>	PORCENTAXE NA NOTA FINAL		1. ^a avaliación	40%	2. ^a avaliación	50%	3. ^a avaliación	10%*	Cualificación total	
PORCENTAXE NA NOTA FINAL											
1. ^a avaliación	40%										
2. ^a avaliación	50%										
3. ^a avaliación	10%*										
Cualificación total											

4. Actividades do 3º trimestre das diferentes materias.

4. Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:</p> <p><u>Actividades de repaso:</u> Pequenos traballos sobre os contidos tratados na aula cos que revisar e buscar información.</p> <ul style="list-style-type: none">- LC: Fichas, actividades e sobre contidos traballados na aula, especialmente relacionados con gramática e ortografía, así como outras para mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita do alumnado.- LG: Fichas, actividades e exercicios interactivos sobre contidos traballados na aula, especialmente relacionados con gramática e ortografía, así como outras para mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita do alumnado.- MAT: Fichas, actividades e exercicios interactivos relacionados coas operacións aritméticas básicas (suma, resta, multiplicación e división) e diferentes contidos traballados (números decimais, divisibilidade, potencias, fraccións...) na aula aprofundando na resolución de problemas.- CCNN: Fichas, actividades e exercicios interactivos sobre contidos traballados durante o curso (os animais, as plantas, a biosfera, a saúde, a nutrición...), pequenos traballos de investigación, experimentos, maquetas, etc.- CCSS: Fichas, actividades e exercicios interactivos sobre contidos traballados na aula (os mapas, o clima, a paisaxe, a organización político - territorial...), incidindo na busca, selección e organización de textos para a realización de esquemas e resumos e pequenos traballos utilizando as TIC para obter información.- E.A- PLAST: Propostas de retos e desafíos dende a páxina Web do centro enfocadas a desenvolver a expresión artística do alumnado e a súa creatividade ademais de pequenas manualidades relacionadas coas conmemoracións (un marcapáxinas o día do libro...)- VSC: Fichas e actividades sobre o visionado de curtametraxes relacionadas con valores e vídeos infantís autobiográficos de personaxes da historia recoñecidos polo seu aporte moral á sociedade

	<p><u>Actividades de reforzo:</u> As mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos traballados na aula para fixalos cunha dificultade menor dunha forma máis interactiva e lúdica utilizando sopas de letras, encrucillados, xogos tipo trivial ou pasapalabra...</p> <p><u>Actividades de ampliación:</u> Nas actividades citadas anteriormente inclúense tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados, principalmente en forma de traballos ou investigacións que requiren a busca e selección de información para o seu posterior tratamento e organización en diferentes soportes como procesadores de texto, programas de presentación de diapositivas, etc.</p> <p><u>Actividades de recuperación:</u> Os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Puxemos a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende casa o traballo iniciado nas aulas. Para iso, as TIC, son un elemento fundamental nestes momentos, tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias, como para que poidan continuar traballando na casa.</p> <p>Os recursos que estamos empregando son dixitais, mediante a plataforma Edixgal, con ordenadores que proporcionamos a algunhas familias, así como con Abalar Móbil, co contacto telefónico e por correo electrónico diario con toda a Comunidade Educativa, especialmente, co alumnado e cos familiares.</p> <p>En termos xerais, os materiais que o alumnado precisa para realizar as tarefas son: un equipo informático con conexión a internet e material escolar de escritorio (libreta, folios, lapis ou bolígrafo, ceras ou lapis de cores, tesoiras e pegamento).</p> <p>Os recursos didácticos con contidos e información están á disposición do alumnado na plataforma E-Dixgal, aproveitando os diferentes recursos que esta nos proporciona para comunicarnos con eles/as e resolver dúbidas dunha forma inmediata cun feedback continuo a través do foro creado para tal fin. O alumnado controla sen problemas o funcionamento da plataforma EVA, xa que leva dous anos empregándoa de forma habitual na aula. Aínda así, estes recursos tamén se atopan na páxina web do centro de forma paralela.</p>

5. Metodoloxía

Actualmente, estamos vivindo unha situación familiar, social e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.

A metodoloxía será flexible, activa, motivadora, dirixida ao logro dos obxectivos e das CC, baseándose na aprendizaxe significativa, procurando a atención á diversidade e a autonomía no proceso de aprendizaxe, e potenciándose o uso das novas tecnoloxías na súa dobre vertente de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento, e como medio e recurso de traballo.

Nesta situación é moi importante o traballo do profesorado en equipo e coordinado, para solventar todas as carencias que poida ter o alumnado, favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación e permitindo que realicen as actividades cos medios que teñan a súa disposición..

Para mellorar o traballo do alumnado o centro dotou de ordenadores a 27 familias de alumnos matriculados entre 1º e 4º de EP. Esta entrega realizouse o 15 de abril coa axuda de Protección Civil do concello do Porriño e aproveitando a súa presenza entregáronse 6 ordenadores E-Dixgal que quedarán no centro. Tamén se entregaron libros de texto.

O concello do Porriño prestou(durante tres meses) 30 routers a familias que non tiñan conectividade a Internet. Esta entrega realizouse o 6 de maio coa presenza novamente de Protección Civil.

6. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Agora máis que nunca, resulta fundamental o contacto e o seguimento diario con toda a comunidade educativa. Para iso, empregamos diferentes recursos tecnolóxicos como Abalar Mobil, E-Dixgal, Webex, correo electrónico e chamadas telefónicas. O Equipo Directivo reúne-se semanalmente, así como todo o Claustro e os diferentes departamentos (D.O; E.D.L.G; CCP...). Falamos a diario coas familias e cos/as alumnos/as, e ademais, o Equipo Directivo está atento e dispoñible desde o centro a todas as demandas que xorden.</p> <p>As Redes Sociais do centro (Facebook e Instagram) utilízanse para manter un contacto emocional e motivacional máis distendido co alumnado e as familias.</p>
Publicidade	A través da páxina web do centro.